**ACTA DO TRIBUNAL NOMEADO PARA A AVALIACIÓN DE MÉRITOS NO PROCESO SELECTIVO GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO.**

Reunidos no Salón de Plenos do Concello de Mazaricos, o día **1 de xullo de 2026,** os integrantes do Tribunal que se constitúe co propósito de valorar os méritos presentados polos aspirantes á praza de PÉON DE MANTEMENTO DE VÍAS para a realización de traballos de mantemento e conservación de vías e camiños de titularidade municipal (convocatoria GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO 2026)**:**

- *Presidente: José Ramón Esperante Otero, técnico de emprego municipal*
- *Secretario: Benito Aurelio MartÍnez Carreira, encargado de servizos municipal.*
- *Vogais:*
  - *Domingo Caamaño Santos, encargado de obras municipal*
  - *José Manuel Maneiro Pereira, empregado municipal de obras*
  - *Guillermo José Fernández López, funcionario municipal*

O Presidente declara constituído o tribunal e aberto o acto. Previo ao inicio do proceso de avaliación o Tribunal reúnese e toma o seguinte acordo con respecto ao desenvolvemento das probas, o baremaxe das probas e os criterios de ponderación. Estes criterios serán expostos e presentados aos aspirantes antes do inicio da proba. Os criterios adoptados para a baremación detallanse na seguinte taboa:

| CRITERIOS | *Ponderación* | Puntos |
|---|---|---|
| Manexo e seguridade da máquina (EPIs, postura, uso) | *20%* | 0-10 |
| Calidade do corte (uniformidade, altura, non afección a especies) | *35%* | 0-10 |
| Limpeza da zona (resultado final, restos dispersos) | *25%* | 0-10 |
| Tempo de execución | *20%* | 0-10 |

De acordo ao apartado 9º das Bases que rexen o proceso, a selección dos aspirantes efectuarase polo sistema de **OPOSICIÓN.** A oposición consistirá na realización de unha proba práctica co seguinte detalle: *"Manexo dunha desbrozadora manual, valorándose a actitude, rapidez, habilidade e coñecementos no manexo, a calidade do traballo realizado, a non afección de especies protexidas, a limpeza e recollida selectiva de residuos, adopción de medidas de seguridade e hixiene no traballo, ou calquera outra tarefa/s relacionada/s co posto"*

O lugar destinado para a realización da proba práctica foi a finca situada detrás do edificio de Centro de Saúde de Mazaricos. Para o desenvolvemento do exercicio están sinalizados e acotados catro tramos iguais cunha superficie de 36 $m^2$. Os tramos serán asignados por sorteo entre os participantes e o traballo a realizar por cada un deles é o de limpeza do tramo correspondente.

A actuación dos aspirantes no exercicio levase a cabo por orde alfabética empezando pola letra **"M"** conforme á *Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 22 de xaneiro de 2026 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG nº 16 do 26 de xaneiro de 2026).

Para asignar a puntuación de cada aspirante atenderase á calidade do traballo realizado, ó tempo investido na súa realización, medido cun cronómetro, e á pericia no manexo da máquina de acordo co establecido na seguinte táboa:

| *Calidade do exercicio realizado* | ***Puntuación*** |
|---|---|
| *Moi axeitado* | *De 8 a 10 puntos* |
| *Bastante ben axeitado* | *De 5 a 7 puntos* |

CVD: HItuwlBUT4kH15TpGbMr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.mazaricos.gal/

| Calidade do exercicio realizado | Puntuación |
|---|---|
| Minimamente axeitado | De 2 a 4 puntos |
| Nada axeitado | 1 punto |

O tribunal expón aos participantes as características da proba a realizar así como os criterios de puntuación e ponderación adoptados, que serán tidos en conta para a súa avaliación final. Unha vez presentado o exercicio a realizar, desígnanse por sorteo os tramos a realizar por cada un dos aspirantes. Cada participante dispón dun tempo para o recoñecemento e a inspección do equipo de traballo co fin de resolver as posibles dúbidas. Para tal fin contan co apoio de persoal da brigada de obras municipal. Unha vez realizadas as indicacións anteriores e aclaradas as dúbidas dos participantes procédese á realización da proba.

Do desenvolvemento desta proba práctica de acordo coa Base 9ª, resulta o cadro de valoración seguinte:

| **Candidato: VILAS TRILLO JESUS MANUEL** | **Orde 1 – Tramo nº1** | | |
|---|---|---|---|
| CRITERIOS | *Pondera* | Puntos 0-10 | Total |
| Manexo e seguridade da máquina (EPIs, postura, uso) | *20%* | 6,00 | 1,20 |
| Calidade do corte (uniformidade, altura, non afección especies) | *35%* | 7,50 | 2,63 |
| Limpeza da zona (resultado final, restos dispersos) | *25%* | 4,00 | 1,00 |
| Tempo de execución: 5' 9" | *20%* | 5,25 | 1,05 |
| | | **PUNTUACIÓN TOTAL** | **5,88** |
| | | | **BASTANTE BEN AXEITADO** |

| **Candidato: ALVELA GOMEZ JUAN MANUEL** | **Orde 2 - Tramo nº2** | | |
|---|---|---|---|
| CRITERIOS | *Pondera* | Puntos 0-10 | Total |
| Manexo e seguridade da máquina (EPIs, postura, uso) | *20%* | 4,50 | 0,90 |
| Calidade do corte (uniformidade, altura, non afección especies) | *35%* | 7,00 | 2,45 |
| Limpeza da zona (resultado final, restos dispersos) | *25%* | 4,00 | 1,00 |
| Tempo de execución: 4' 17" | *20%* | 6,00 | 1,20 |
| | | **PUNTUACIÓN TOTAL** | **5,55** |
| | | | **BASTANTE BEN AXEITADO** |

| **Candidato: GONZALEZ RIOMAYOR JORGE** | **Orde 3 - Tramo nº 4** | | |
|---|---|---|---|
| CRITERIOS | *Pondera* | Puntos 0-10 | Total |
| Manexo e seguridade da máquina (EPIs, postura, uso) | *20%* | 5,00 | 1,00 |
| Calidade do corte (uniformidade, altura, non afección especies) | *35%* | 4,00 | 1,40 |
| Limpeza da zona (resultado final, restos dispersos) | *25%* | 3,00 | 0,75 |
| Tempo de execución: 4' 57" | *20%* | 5,50 | 1,10 |
| | | **PUNTUACIÓN TOTAL** | **4,25** |
| | | | **MINIMAMENTE AXEITADO** |

CVD: HItuwlBUT4kHl5TpGbMr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.mazaricos.gal/

| Candidato: HERNANDEZ JIMENEZ RAFAEL | Orde 4 - Tramo nº 3 | | |
|---|---|---|---|
| CRITERIOS | *Pondera* | Puntos 0-10 | Total |
| Manexo e seguridade da máquina (EPIs, postura, uso) | *20%* | 6,00 | 1,20 |
| Calidade do corte (uniformidade, altura, non afección especies) | *35%* | 7,00 | 2,45 |
| Limpeza da zona (resultado final, restos dispersos) | *25%* | 4,00 | 1,00 |
| Tempo de execución: 4' 41" | *20%* | 5,75 | 1,15 |
| | | **PUNTUACIÓN TOTAL** | **5,80** |
| | | | **BASTANTE BEN AXEITADO** |

Unha vez finalizado a proba práctica sinalada no apartado a) da Base 9ª, os asistentes que non acreditaron a disposición do Celga 1 son convocados para a realización dunha proba oral para acreditar o coñecemento da lingua galega tal e como recolla o apartado b) da Base 9ª. Os resultados desta proba son os seguintes:

| Candidato | Puntuación * *(Apto – Non apto)* |
|---|---|
| VILAS TRILLO JESUS MANUEL | APTO |
| ALVELA GOMEZ JUAN MANUEL | APTO |
| GONZALEZ RIOMAYOR JORGE | Presenta CELGA |
| HERNANDEZ JIMENEZ RAFAEL | APTO |

Deste xeito, recollidos os datos da proba e respectando o número de prazas ofertadas da convocatoria, os membros do tribunal propón ao seguinte candidato:

- **JESUS MANUEL VILAS TRILLO**

De igual xeito o tribunal elabora unha lista de candidatos de reserva, que son os seguintes:

- **HERNANDEZ JIMENEZ RAFAEL**
- **ALVELA GOMEZ JUAN MANUEL**
- **GONZALEZ RIOMAYOR JORGE**

E non sendo outro o obxectivo desta reunión dáse por terminado o acto, redactándose a presente acta que subscriben os membros do Tribunal

En Mazaricos, a 1 de XULLO de 2026.

Domingo

CVD: HItuwlBUT4kHl5TpGbMr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.mazaricos.gal/